

CERTIFICACIÓN

Consolación Couce Calvo, secretaria do Concello de Moeche (A Coruña), **CERTIFICO** que, agás erro ou omisión involuntaria, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 agosto de 2019 adoptou o acordo que deseguido transcribo:

3.- Concesión, se procede, dunha subvención para a organización do Festival Irmandiño

Visto o expediente instruído para a concesión dunha subvención nominativa á “ Asociación Cultural Irmandiños de Moeche” para a organización do XXXX Festival Irmandiño

Visto igualmente, que, entre as subvencións de concesión directa polo concello previstas no orzamento do exercicio de 2019 inclúese a seguinte:

- **A.C. Irmandiños de Moeche.-** Establecese a sinatura dun convenio de colaboración para a organización do do Festival Irmandiño por un importe de 6.000 €. con cargo a partida 334.480.00 do orzamento de gastos

Visto que con data 13 do mes a correr, foi realizada pola Intervención a retención de crédito oportuna.

Visto que coa mesma data foi emitido informe de Secretaría - intervención no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos para dedicala á Organización do XXXX Festival Irmandiño e se indicaba o procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións

A Xunta de Goberno Local , coa abstención da sra. Iria Couce Rego, **ACORDA**

PRIMEIRO. Outorgar unha subvención, a “ Asociación Cultural Irmandiños de Moeche” por un importe de 6.000 €. con cargo a partida 338.480.00 do orzamento de gastos para a organización XXXX Festival Irmandiño e formalizala no correspondente Convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala.

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto, e anticipar o pago por un importe do 50% da cantidade concedida (3.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 334.480.00, da que existe documento de Retención de Crédito RC expedido por Intervención.

TERCEIRO.- Facultar a Sra. alcaldesa para adoptar todas as medidas e a sinatura de tódolos documentos necesarios para a efectividade do presente acordo.

CUARTO. Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do Convenio.



E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Moeche, 19 de agosto de 2019

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras